
T.A.Z.
Zona Temporalmente Autónoma

Hakim Bey

Traducción e notas:

Manuel del Río Rodríguez, Pablo Varela Pet



Anti-copyright

Este libro pode ser libremente citado e pirateado

Aos editores orixinais gustaríalles, en calquera caso, ter novas en:

Autonomedia
P.O.Box 568
Williamsburg Station
Brooklyn, NY 112110568
EE.UU
www.autonomedia.org
email: info@autonomedia.org

Título orixinal: **T.A.Z. The Temporary Autonomous Zone**

Tradución e notas: Manuel del Río Rodríguez, Pablo Varela Pet

Introdución: Anxo Rabuñal

Deseño e maquetación: Juan Gallego _ www.juagallegoestudio.com

Ilustración de portada: 'Band of Chiricahua Apache Indians, followers of legendary renegade Geronimo', Tombstone, Arizona, 1886

Edición: **axóuxere**

Xens, 75
15984 Araño, Rianxo. A Coruña
Galiza
info@axouxeerestream.com
axouxeerestream.com

Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica. Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-939107-0-9

Depósito legal: x-xx.xxx-xxx

Índice

Técnicas de desaparición

Anxo Rabuñal 7

Utopías Piratas 15

Agardando a Revolución 21

Psicotoploxía da Vida Cotiá 29

A Rede e a Web 45

“Fomos a Croatán” 65

A música como principio organizativo 87

A vontade de poder como desaparición 97

Ratoeirás na Babilonia da Información 109

Apéndice A: Lingüística do Caos 115

Apéndice B: Hedonística aplicada 119

Apéndice C: Citas a maiores 122

Rosmadeira Pirata 125

A cea 127

Técnicas de desaparición

Coñecín a Zona Temporalmente Autónoma (NY, 1985, 1991) na súa primeira edición italiana, era o outono do 1993. Un grupo de amigos en Milano editaran a obra (ShaKe Edizioni Underground) nun raro volume ilustrado que reunía tamén os Pasquíns e os Comunicados da Asociación da Anarquía Ontolóxica. O libro, entón presentado na senda do cyberpunk, ofrecíase como unha exploración arriscada e novidosa, non dogmática, suxestiva e literaria. Xa daquela se desmoronara, na Italia e na Europa toda, o soño moderno dunha política de horizonte utópico, e para moitos a idea de Liberdade xa fora substituída pola de Interese. Entre tanto, uns poucos tardo hippis, ex comunistas, rebeldes e refractarios

de variada condición procuraban inspiración nos textos de Hakim Bey para persistir na loita inacabábel en favor do Home.

No 1996 Talasa editou a obra por vez primeira en castelán da tradutora man amiga seudonimizada en Guadalupe Sordo. Tamén nesa ocasión optaran por acompañar a TAZ dos Pasquíns e Comunicados, e un amplo repertorio de imaxes. Por entón, aquí, xa a movida posmoderna apodrecera e macerara a vida social e persoal, e cando a ética xeral parecía ser a do conformismo e o asexo, TAZ permitiunos imaxinar que fronte ao aco- modo anestesiado ás circunstancias cabía unha deserción festiva.

A edición portuguesa (Frenesi, 2000), a máis breve das que eu coñezo, traduce unha escolma de textos feita polo propio autor e recollida nun ameno cd sonoro no que tamén colaboraron os músicos Bill Laswell, Wu Man, Nicky Skopelitis e Buckethead.

Compréndese entón que TAZ non é unha obra acabada nin definitiva. Non é un discurso autorial, é máis ben un xogo editorial, son distintas publicacións que de distin-

tas maneiras se agrupan e disgregan en cada edición, en cada ocasión.

Da man doutros amigos preséntase agora en galego, e a mera publicación xa é un acto de guerrilla editorial, e este libro entre as túas mans convértese nunha zona –de papel– liberada durante o tempo que ti lle adiques a súa lectura.

Hakim Bey, alter ego de Peter Lamborn Wilson (NY, 1945), escritor e artista, mestre sufi, erudito do misticismo e activista libertario, converteuse con estes textos transmigrantes nun referente importante da escena contracultural americana.

En TAZ, como dixemos, Hakim non articulou un relato único, pero si foi capaz de coser cun invisíbel fío de ouro unha almozala ou patchwork que arrexunta e conecta as máis variadas insurreccións: os pioneiros americanos que abandonaran a colonia e se axuntaron aos indíxenas croatoan, a comunidade pirata de Libertalia en Madagascar, a república ucraína de Néstor Makhno esmagado polos bolxeviques, a Internacional Situacionista, todo tipo de herexías e paganismos, os Niveladores e os Cavadores, os Ranters, os Taoístas do Turbante Marelo,

os hippis e o punk, igual que os bailaríns de break dance na rúa.

Con estes retrincos de insurrección Hakim Bey non compuxo un receitairo anarquista, nin unha biblia underground, nin unha guía de uso para as xoves xeracións. Quizais mellor se diría que debuxou unha psicocartografía que alenta, acompaña e ilumina as particulares divagacións, sinalándonos as fendas que se abren no muro paranoico erguido pola igrexa estado escola e fábrica que nos rodea e illa.

Explicar a TAZ sería como disolver unha nube para poder bebela. A chuvia nunha botella non é máis meteoroloxía, é auga mineral. En definitiva, quero dicir que non é posíbel pulverizar os fecundos alucinóxenos de Hakim para obter un unguento curatado. TAZ compréndese na acción, como un lampo que ilumina as sombras do aburrimiento e a tristeza contemporánea.

TAZ permite seguir a imaxinar novas formas de resistencia, si, pero sobre todo, dota dun relato propio (e coa imprescindíbel forza mítica) a vida opaca e invisíbel de moitas xentes que fan da súa vida cotiá un espazo de loita afastado da imperante aspiración ao éxito persoal.

TAZ propón restaurar a economía dunha lendaria idade de pedra na que seríamos "xamáns e non sacerdotes, bardos e non señores, cazadores e non policía, recolectores de preguiza paleolítica". E os camiños para chegar a isto son o terrorismo poético, o amor fou, a infancia salvaxe, o paganismo, a sabotaxe considerada como unha arte, o cultivo da conciencia dilatada, o nomadismo psíquico, o cosmopolitismo sen raigame, a utopía pirata, o sionismo gay, o aristocratismo radical, a pornografía tántrica, o marxismo stirnerismo, a estética da felicidade e o amor...

Nesta esquina do mundo periférica e retardataria, pero tan centralmente espectacular como a capital do imperio, cabe tamén pensar nunha insurxencia efémera que non procura a revolución, pero si afirma para si a posibilidade dun soño libertario. Quizais foi así para os Irmandiños do medioevo, ou para os obreiros e estudantes do Banquete de Conxo, para o galego Soto que incendiou a Patagonia, para a hoxe esmorecida república circense de Bemposta, ou para a épica navegación do paquete Santa Liberdade que imaxinara Pepe Velo.

*Este texto xa deu a volta ao mundo
e chega hoxe do futuro para a túa boa sorte.
Beixa a alguén a quen ames despois de ler o TAZ.
E non mandes diñeiro! Isto funciona de verdade!*

Anxo Rabuñal

T.A.Z.
Zona Temporalmente Autónoma

Nota: Lembren que, en galego, poden atopar tamén o seu ensaio *Alén do Turismo* (ARPub, 2010). Ademais, na revista *Animal* (nº 10, 2000) publicouse "Apocalipse de salón. Teatro Secreto", e en *Guía dos Libros Novos* (nº 6, 2004) unha reseña sobre *Alén do Turismo*.

Agardando a Revolución

COMO É QUE o mundo patas arriba sempre consegue endereitarse? Por que á revolución sempre lle segue unha reacción, coma unha tempada no inferno?

A revolta, ou a forma latina *insurrección*, son palabras usadas polos historiadores para etiquetar as revolucións frustradas –movementos que non fan a curva prevista, a traxectoria aprobada por consenso: revolución, reacción, traizón, fundación dun estado aínda máis forte e opresivo, a reversión da situación, a volta da historia, unha e outra vez, á súa máis alta forma: a labazada na faciana da humanidade por sempre.

Ao fallar seguindo esta curva, a *revolta* suxire a posibilidade dun movemento fóra e máis aló da espiral hegeliana do progreso, que secretamente non é máis que un círculo vicioso. *Surgo*: levantamento, aparición. *Insurgo*: levantamento, rebelión dun mesmo. Unha operación autosuficiente. Un adeus á infeliz parodia do círculo do karma, da insignificante revolución histórica. O lema “Revolución!” pasou de proclama a veleno, unha maligna trampa *pseudonóstica do destino*, un pesadelo onde non importa canto nos resistamos a ser atrapados polo demo de Aión, o *íncubo* do Estado, dun Estado tras outro, cada “paraíso” rexido por un anxo máis maligno.

Se a Historia É Tempo, como pretende ser, entón a revolta é un intre que salta por riba do Tempo, que viola a “lei” da Historia. Se o Estado É Historia, como pretende ser, entón a insurrección é o momento prohibido, unha inesquecible denegación da dialéctica: unha sacudida polar que nos bota do escuro, unha manobra propia dos xamáns feita dende un “ángulo imposible” do universo. A Historia di

que a Revolución consegue a permanencia, ou polo menos duración, mentres que a revolta é temporal. Nese sentido, unha revolta é como unha “experiencia límite”, o contrario do estándar da conciencia e experiencia “ordinaria”. Como as festas, as revoltas non poden acontecer todos os días (doutro xeito non serían “non ordinarias”), pero estes momentos de intensidade dan forma e significado á totalidade da vida. O xamán retorna (non se pode permanecer no máis alto por sempre), pero as cousas cambiaron, as integracións aconteceron e a diferenza instaurouse.

Haberá quen diga que é un consolo para os desesperados ¿Qué sería do soño anarquista, do estado sen Estado, da Comuna, da zona autónoma duradeira, dunha sociedade ceibe, dunha cultura ceibe? ¿Imos abandonar esa esperanza a cambio dunha especie de acto gratuío existencialista? A cousa non é cambiar as conciencias, senón cambiar o mundo.

Acéptoo como unha crítica xusta. Aínda así, teño dúas obxeccións. A primeira, que ningunha re-

volución nos trouxo este soño. A visión aparece no momento da revolta, pero tan pronto como “a Revolución” trunfa e o Estado volve, o soño e o ideal son inmediatamente traizoados. Non é que renunciara á esperanza ou ao desexo do cambio, pero desconfío do termo *Revolución*. A segunda é que, aínda que cambiemos o intento revolucionario por un concepto de insurrección que florece espontaneamente converténdose nunha cultura anarquista, a nosa situación particular histórica non é propicia para unha empresa tan grande. Absolutamente nada, agás un fútil martirio, podería resultar dun choque frontal co Estado terminal, o Estado da información *megacorporativa*, do imperio do Espectáculo e a Simulación. Todas as súas armas estannos a apuntar, mentres o noso fráxil armamento non atopa a onde apuntar, a excepción dunha histérese, dunha ríxida vacuidade, dunha pantasma capaz de absorber cada faísca nun ectoplasma informativo, dunha sociedade de capitulación rexida pola imaxe da Policía e o absorbente Ollo da pantalla televisiva.

Noutras palabras, non propoñemos a TAZ como un fin exclusivo en si mesmo, substituíndo calquera outra forma de organización, tácticas e obxectivos. Defendémola porque pode proporcionar a intensificación da revolta sen implicar, necesariamente, violencia e martirio. A TAZ é como unha revolta que non vai ligada directamente ao Estado, unha operación de guerrilla que libera unha área (de terra, de tempo, de imaxinación) e que despois se dissolve para reconstruírse en calquera outro lugar ou tempo, antes de que o Estado poida esmagala. Xa que o Estado está principalmente interesado na Simulación máis que na sustancia, a TAZ pode “ocupar” clandestinamente estas áreas e levar a cabo os seus propósitos subversivos con relativa paz durante un tempo. Pode ser que incluso algunhas pequenas TAZ duraran vidas enteiras porque pasaron desapercibidas como pequenos enclaves porque nunca se cruzaron co Espectáculo, nunca apareceron fóra desa vida real que é invisible para os axentes da Simulación.

Babilonia toma as súas abstraccións como realidades; é precisamente dentro desta marxe de erro onde a TAZ pode existir. Poñela en funcionamento pode implicar tácticas de violencia e defensa, pero a súa maior forza reside na invisibilidade (o Estado non pode recoñecela porque a Historia non ten unha definición para ela). Unha vez que a TAZ é nomeada (representada e mediatizada), debe desaparecer, e de feito farao deixando tras de si un oco para rexurdir nalgún outro lugar, e de novo invisible porque é indefinible nos termos do Espectáculo. Desta forma, a TAZ é unha táctica perfecta para unha era na que o Estado é omnipresente e omnipotente, aínda que tamén cheo de gretas e buratos. E xa que a TAZ é un microcosmos do “soño anarquista” dunha cultura ceibe, non podo pensar noutra táctica mellor para traballar por ela que experimentar ao mesmo tempo algún dos seus beneficios aquí e agora.

Ao fin e ao cabo, o realismo imponnos non só deixar de agardar a “Revolución”, senón inclu-

so deixar de desexala. A “Revolta” si, tan a miúdo como sexa posible, a pesar do risco de violencia. Os espasmos do Estado Simulador serán “espectaculares”, aínda que na maioría dos casos a mellor e máis radical táctica será rexeitar tomar partido da violencia espectacular, retirarse da área da simulación, desaparecer.

A TAZ é un campamento de guerrilleiros ontolóxicos: golpean e liscan. Mantén en movemento á tribo enteira, incluso se só se trata de datos na Rede. A TAZ ten que ser capaz de defenderse, pero tanto o seu ataque como a súa defensa deben, na medida do posible, evitar a violencia do Estado, a cal é unha violencia sen sentido. O ataque faise nas estruturas de control, esencialmente nas ideas, e a defensa é a invisibilidade, unha arte marcial, e a invulnerabilidade, unha arte oculta entre as artes marciais. A “máquina de guerra nómade” conquista antes de ser percibida e móvese antes de que o mapa poida ser axustado de novo. Respecto ao futuro, só os autónomos poden planificar a autonomía, organizala e

creala. É unha operación autosuficiente. O primeiro paso ten algo de *satori*: o entendemento de que a TAZ comeza co simple acto da súa realización.

(Nota: vid. Apéndice C, cita de Renzo Novatore)